

LINGUA

Bo día rapaces! Como estades? Espero que a semana estea indo moi ben :)

Hoxe vamos a comezar a clase de lingua cunha lectura moi interesante! Gústanvos as castañas? E as galletas? Pois aquí tedes a combinación perfecta!!

Lectura

Galletas de castañas

A castaña e os magostos posiblemente sexan un dos motivos de que o outono sexa tan fermoso e saboroso. E vós preferídelas asadas ou cocidas? É moi difícil escoller, mais o que si temos seguro é que nós coa castaña imos á fin do mundo. E quen di á fin do mundo, di a calquera receita.

Chegou o tempo das galletas de castañas!

Antes de ler

Observa o título e a forma deste texto. De que crees que se trata?

Galletas de castañas

Utensilios necesarios

- Unha cunca
- Unha pata
- Unha culler de pau
- Un relador
- Un espremador
- Papel vexetal
- Unha bandexa para o forno
- Unha manopla

Ingredientes

- 200 g de castañas cocidas
- 300 g de farinilla integral
- 100 g de azucre moreno
- 1 ovo
- 100 ml de aceite
- 1 cullerita de lévedo
- 1 chisco de sal
- 2 culleradas de mel
- O zume dunha laranxa
- A reladura dunha laranxa



Paso a paso

Para facer as galletas tes que seguir estes pasos.

- 

1 Pela as castañas coa axuda dunha persoa adulta.
- 

2 Unha vez peladas, cóceas durante 15 minutos. Logo, esmúzaoas coas mans.
- 

3 Nunha cunca, mestura as castañas coa farinilla, o azucre, o lévedo, o sal e a reladura de laranxa.
- 

4 Fai un oco no centro e bota o ovo, o aceite, o zume e o mel.
- 

5 Coloca unha lámina de papel vexetal na bandexa do forno.
- 

6 A continuación, molla un pouco as mans e fai bolitas aplastadas do mesmo tamaño. Colócaaas sobre o papel.
- 

7 Pon a manopla e mete a bandexa no forno (prequente) a 200 °C, con calor arriba e abaixo, durante 15 minutos.
- 

8 Sácaaas do forno e deixa que arrefrien un pouco. Despois, cómeas ou gárdalas porque van voar!

Diana Fernández e David Díaz.
Cociñando con bolloretas no handillo (adapt.).

Que tipo de texto creedes que é o que acabamos de ler? Correcto! É unha receita!

Hoxe vamos a aprender a facer unha receita:

A receita

As **receitas** explican os ingredientes e os utensilios necesarios para facer unha comida, os pasos a seguir, o tempo de cociñado, a presentación do prato...

1 Copia no caderno esta receita e complétaa.

2 feixes de grelos – unha pota – 4 patacas – un coitelo
 1 anaco de unto – 1 chisco de sal – 1 cullerón
 1 anaco de lacón – 200 gr de fabas – 1 cunca

Caldo galego

Ingredientes:

Utensilios:

Elaboración:

1. Enche a pota de auga e bota as fabas.
2. Deixa cocer unha hora.
3. Pela as patacas e córtasas en cadradiños.
4. Lava os grelos.
5. Engade na pota as patacas, os grelos, o lacón, o unto e un chisco de sal.
6. Déixao cocer media hora e sirveo nunha cunca co cullerón.

1 2 3 Paso

• Elabora a receita coa túa familia seguindo os pasos e faille unha foto ao rematar.

Cal é o voso plato favorito? Sabedes como se fai e os ingredientes que fan falta?

Hoxe vamos a facer a receita da nosa comida favorita. Para iso debemos seguir os pasos que nos aparecen na foto anterior e podedes utilizar o modelo anterior ou outro diferente. Recorda facelo bonito e con diferentes cores; a presentación tamén é algo moi importante!

EDUCACIÓN FÍSICA

Bo día chic@s! Como estades? Espero que moi ben.

Estas semanas estánnos dando uns días de sol moi de verán polo que, os retos de hoxe tamén serán moi veraniegos. Estades listos?

RETO 1: BIG FOOT

Hoxe convertiremonos en monstros cun pé XIGAAANTE. Para iso necesitamos conseguir os nosos super pés. Podedes utilizar un pedazo de cartón, moldealo como se fose un pé e utilizar unha corda ou un lazo para atalo aos nosos pés.

Por exemplo:



Agora toca convertirse en BIG FOOT, andando con eses super pés e intentando que todos nos teman...

RETO 2: A AUGA PATOS

Como esta semana está facendo bo tempo, tamén vamos a facer un pequeno xogo con auga. Este reto podedes facelo o día da semana que mellor vos veña a vosoutros.

Para este xogo necesitamos dous recipientes: un que esteña cheo de auga e outro baleiro.

O recipiente cheo de auga debemos introducirle algún obxecto, por exemplo: boliñas pequenas de papel albal, bolas de plásticos, pelotíñas, etc.

Deberemos sentarnos nunha silla e colocar os dous cubos a cada lado.

O obxectivo do xogo é pasar as bolas de un cubo a outro no menor tempo posible.

